



G a c e t a d' O P o r t i ñ o

Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña

número único

Marzo de 1937/2008

http://www.memoriadacoruna.com

Numeroso grupo de detidos no Portiño

Forzas da Garda Civil e militares da Batería comezaron a bater a zona ata que localizaron a un numeroso grupo de persoas na enseada do Portiño



Imaxe actual do Portiño.

Manolo Graña

Ás once da noite do 3 de marzo de 1937, un empregado da Radio Costeira era abordado na Agra do Orzán por un grupo de seis descoñecidos, que buscaban o camiño do Monte de San Pedro. Asustado, deu voces que alertaron a Manuel Castro Pérez, un veciño seu, de oficio garda civil, que se comunicou telefonicamente cos seus superiores. E, de inmediato, artellouse un operativo policial para localizar aquel grupo de persoas, do que se sospeitaba que podían estar organizando un ataque contra as baterías costeiras do Monte San Pedro. Forzas da garda civil e militares da batería comezaron a bater a zona ata que, ás dúas da madrugada, localizaron un numeroso grupo de persoas na enseada do Portiño.

Aos poucos momentos comezaba un tiroteo que foi aproveitado por algúns dos descoñecidos para tirarse ao mar; mentres outros conseguían fuxir nunha pequena buceta, protexida pola brétema, fuxindo dos disparos de militares e gardas civís. As batidas continuaron por toda a noite, e concluíron coa captura de vinteoito persoas. Ao interrogalas averiguouse que un grupo de entre sesenta e cen militantes de esquerda estaba concentrado naquela zona para tentar fuxir da Coruña cara a zona republicana, por vía marítima.

O plano consistía en que algúns militantes do Sindicato de Industria Pesquera da CNT, embarcados clandestinamente nos pesqueiros *Generoso* e *José Linares*, tomaran o control

desta parella (chamada *Os de Miguelín*) en alta mar, para dirixirse á proximidade do Portiño. Unha vez alí, farían sinais luminosos cara a terra, para que os concentrados embarcaran en bucetas para ir ata a parella. A fuxida frustrouse tanto pola intervención do Portiño como pola imposibilidade de tomar a parella, ao despertarse algunhas sospeitas entre as tripulacións das mesmas.

O resto das persoas que agardaban o embarque fuxiron como puideron por mar ou por terra, burlando o cerco dos militares e gardas civís. Algúns tiveron que ser rescatados do afogamento polos seus compañeiros de fuxida. Outros non tiveron tanta sorte e morreron, ben afogados, ou ben a consecuencia dos disparos das forzas da orde. Dous deles eran os coñecidos militantes da CNT Genaro Pazos Maceira, do Sindicato da Construción, e Emilio Rodríguez Doldán *Xanetas*, do Sindicato de Empregados Municipais. Outro cadáver sen identificar aínda se atopou case un mes despois dos sucesos, sen que poida saberse cal foi realmente o número total de afogados.

Os detidos foron xulgados por un consello de guerra o día 5 de xuño de 1937, acusados de poñerse de acordo para fuxir á zona republicana e por opoñerse con armas á súa detención. Estes feitos foron cualificados polo consello de guerra como delito de rebelión militar, e, como consecuencia, quince dos acusados foron condenados á pena de morte. O día 9 de outubro de 1937, en Punta

Herminia, tivo lugar a execución de Salvador Mateo Domingo Lliso, Alejandro Dopico Saleta, José García Vázquez, Ramón Díaz Valeiro, Francisco Díaz Moreno, Antonio Lorenzo García, Federico Rivadulla Gómez, Luis Lafuente Naveira, Manuel Bergantiños Pose, Ramiro Fontenla Andujar, José Rodríguez Serantes, Manuel Tellado Villar, Antonio Vidal González, Manuel Baldomir Vázquez e Ramón González Canosa.

Aínda que conseguira fuxir en primeira instancia do Portiño, o militante do sindicato da Construción da CNT José Antonio Boedo Núñez (irmán de Pucho Boedo), foi detido a comezos de xuño de 1937. Vítima dun xuízo sumariísimo pola súa participación na resistencia ao golpe militar e pola súa implicación na fuxida, Boedo foi condenado a morte e executado, antes incluso que os seus compañeiros de fuxida, o 11 de setembro de 1937. Correu a mesma e fatídica sorte que tempo antes tivera o seu pai, o vello militante do Sindicato da Construción José Boedo López.

E os feitos do Portiño aínda se cobrarían unha nova vítima na persoa de Manuel Parga Suárez. Xulgado cos seus compañeiros de fuxida, Parga fora condenado á pena de reclusión perpetua; mais o 27 de abril de 1938, morreu no cárcere da Coruña, vítima dunha tuberculose, sen chegar a recobrar nunca a liberdade perdida.



Eliseo Fernández

Lembranza ás vítimas

O monumento ás vítimas do intento de fuga de 1937 no Portiño, obra orixinal de Pepe Galán, inaugurárase o 12 de abril de 2008, ás 19.30 horas.



2

Unha cuestión de xustiza.

O Portiño da liberdade.

As fugas por mar.

3

A pegada da repressom na Corunha.

Máis Alá da Aurora.

4

Entrevista con Maruja Seijas.

Coruña, compañeiros.

5

O que oculta o cemento.

Exposición Os Rostros da Memoria.

6

Encrucillado.

O irmán de Pucho Boedo.

7

Despois e durante o longuísimounami.

Ollade o ceo.

8

Entrevista con Isaac Díaz Pardo.



Imaxe do Portiño arredor do ano 1937.

Unha cuestión de xustiza

Esta é unha homenaxe pública ás persoas que perderon alí a vida ou foron fusiladas despois

Tivemos noticias directas do intento de fuga do Portiño cando realizamos con Antón Patiño Regueira un *paseo polos lugares da memoria*; coñecemos as casas das persoas represaliadas, os lugares dos asasinatos, e Patiño, *O Vello*, falounos dos mortos do Portiño. Puidemos coñecer máis detalles na presentación do seu libro Memoria de Ferro.

Despois fixemos varios actos, no mesmo Portiño, para lembrar eses feitos. Adquirimos alí o compromiso de traballar para levantar un monumento - que inauguraremos o 12 de abril- de

homenaxe ás vítimas do intento de fuga do Portiño e para honrar a memoria de todas aquelas persoas que loitaron pola democracia e a liberdade.

Este xornal que tedes nas vosas mans forma parte desa homenaxe; é posíbel grazas ao traballo dun equipo de investigadores, de diversas colaboracións e do apoio dos anunciantes.

O intento de fuga do Portiño é perfectamente comprensíbel se temos en conta o clima de terror e de persecución de todos os líderes políticos, sindi-

cais e sociais ou de persoas comprometidas coas ideas democráticas. O único delito daquelas persoas foi tentar fuxir daquel inferno no que se converteu A Coruña despois do levantamento militar e fascista de 1936 contra o réxime constitucional da II República.

Podemos inaugurar ese monumento, obra do escultor Pepe Galán, pola colaboración institucional do Ministerio da Presidencia, da Deputación provincial e do propio Concello da Coruña que, a través das concellarías de Cultura e de Infraestruturas, prestaron todo o seu apoio para que este proxecto sexa hoxe unha realidade. No futuro, cando remate o prazo que teñen os vertedoiros para darlles outros usos, solicitaremos ao concello que esa parte de Bens, leve o nome de parque dos Mortos do Portiño.

Queremos tamén que a mocidade coñeza estes feitos históricos; por iso elaboramos unha banda deseñada, que enviaremos aos centros de ensino, así como unha unidade didáctica para que o profesorado poida realizar algunhas actividades sobre o tema.

O 3 de marzo de 1937 as forzas represoras abortaron un intento de fuga, o camiño á liberdade. Hoxe queremos retomar ese camiño, o noso compromiso coa democracia e a liberdade, facendo unha homenaxe pública a esas persoas que perderon alí a vida ou foron fusiladas posteriormente no Campo da Rata. É de xustiza



Manuel Monge

Presidente da Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña

O PORTIÑO DA LIBERDADE

(Fragmentos de "Ámote, anarquista")

Porque non nos deixan cruzar os ríos,
cruzaremos os mares, está claro.

Porque non nos deixan cruzar en barco,
cruzaremos en latas de sardiñas.

Extermínanse os soños no Portiño
como a néboa sen luces cara os fondos.

Os corpos estrelados contra as rochas
en mares con resaca son rubís.

A delación bivalva, a caza do crustáceo,
a tortura da rata, a condena da gaivotas.

Percebes dos abismos na vangarda,
mariscos proletarios na gran nasa.

Do mono dos obreiros afogados
distinguíu o azul do mar contra os cantís.

Mariñeiros sen chalanas nin bous,
pescadores sen pesqueiros de esperanza.

Logo fusilamentos das algas e das lapas,
sardiñas empacadas en latas comúns.

Alí a supervivencia era soamente
chegar á taberna de Chinta Canosa,
n'A Moura, ata beber a morte.

Porque non nos deixan cruzar a rúa real,
cruzaremos a cidade imaxinada.

Pecháronlles a porta dos océanos,
pero abriron o Portiño á liberdade.



Claudio Rodríguez Fer

As fugas por mar

A rede de evasión coruñesa do Despertar Marítimo

As primeiras evasións por mar, cando aínda ecoaba no bairro de Santa Lucía o balbordo da resistencia ao golpe militar, enfilaron o rumbo á costa francesa dende O Muro coruñés.

Na Coruña, producíronse un mínimo de vinte fugas por mar durante todo o período da Guerra Civil, trece delas con éxito e sete frustradas, o que revela a existencia dunha rede clandestina artellada arredor do cenetista Sindicato de Industria Pesquera e da súa veterana Sección de Pescadores chamada El Despertar Marítimo.

As tarefas desta rede, na que participaron de xeito destacado mulleres achegadas aos militantes confederais, consistiron en agachar os perseguidos, cotizar para alimentalos, comprar barcos e carburante para as evasións, establecer enlaces para os avisos e argallar as fugas.

Algunhas delas foron moi espectaculares, como a acontecida o 5 de xaneiro de 1937, cando 23 cadros ben coñecidos da CNT herculina, entre eles o secretario da Federación Local José Moreno, o estibador Luis Chamorro ou o directivo da Sección de Chavoleros Manuel Roque Gantes, puideron chegar a Xixón nunha motora comprada para a ocasión e que bautizaron *La Libertaria*. Tamén foron moi sonadas as fugas do bou *Constante Veiga nº 4* e a das dúas parellas de vapores que arribaron a Brest o 7 de xullo de 1937 levando a bordo 46 persoas, entre as que se atopaba o dirixente tabaqueiro Severino Chacón.

Porén, o fracaso doutras evasións carrexou trágicas consecuencias; eis a frustrada o 3 de Marzo de 1937 na contorna do Portiño e do Monte San Pedro. Daquela, estiveron implicados un cento de persoas que, ao seren descubertas, fuxiron monte arriba ou a

nado, co resultado de 28 detidos e varios desaparecidos no mar. Meses despois, 16 dos apresados aquel día foron fusilados en Punta Herminia.

As actividades rebeldes da xente de mar integrada no Sindicato de Industria Pesquera herculino, tiveron fatal correspondencia logo do 18 de xullo de 1936: cando menos 16 militantes do colectivo caerán, quer nos enfrontamentos armados dos primeiros días, quer nas actividades clandestinas do Sindicato. Cadros moi significados tal que o descargador portuario Cesáreo Méndez, o fogueiro José Gómez Roibal *Cadrece*, o mariñeiro Aquilino Parapar, a empacadora Teresa Varela e o significado patrón de pesca Manuel Montes, antigo secretario da Federación Nacional de Industria Pesquera cenetista, pagaron o seu compromiso coa vida



Dionisio Pereira

<p>CARRIER escola</p> <p>902 205 305 www.pcarrier.com</p> <p>Cursos de 1 a 10 meses Grupos reducidos Cursos personalizados Horarios de mañá, tarde noite e sábados Actividades de apoio SEN CUSTE ENGADIDO</p> <p>INFORMATE SIN COMPROMISO</p>	<p>CERTIFICACIÓNS Titulacións Oficiais</p> <p>CISCO CCNA-CQS MICROSOFT MCSA-MCSE ADOBE FOTOGRAFIA VIDEO MACROMEDIA INFOGRAFIA INTERNET</p>	
	<p>CURSOS Formación Continua para Traballadores</p> <p>EMPRESA INGLÉS TURISMO CAD AUDIOVISUAL INDUSTRIA</p>	
<p>A Coruña . Santiago . Ferrol . A Coruña Audiovisual</p>		

O TABULEIRO

Quen esquece a súa orixe, perde a súa identidade

Rúa do Anxo, 9 (Entre a Igrexa de San Nicolás e a rúa da Franxa)
A Coruña

A COITA CELGICA

Julho 1936-Agosto 1937

A pegada da repressom na Corunha

Apartir de Julho de 1936 a repressom franquista estendeu um manto de desolación e morte sobre todo o territorio da Galiza. O golpe de estado do dia 18 e a rápida queda do país -mália que nom sem resistênci- em mans dos sublevados trouxérom consigo a posta em andamento de umha mecânica repressiva cujo fundamento último nom era outro que um plano de genocídio sistemático a exercer sobre aqueles sectores da população mais directamente comprometidos com a causa democrática da II República e, em geral, com a defesa de umhas melhores condições de vida para a grande maioria dos humildes.

Em resultas desse plano exterminador, friamente desenhado polo mando militar golpista e entusiasticamente apoiado polas elites económicas dominantes, bem como pola hierarquia eclesiástica, milheiros de cidadáns galegos fôrom fisicamente eliminados por meio de execuções sumárias e passeios. Outros muitos, pertencentes a ambos os dous sexos, padecérom prisom, torturas, sequestros, roubos, extorsions, multas arbitrarias, discriminação laboral, malheiras, violações e vexações diversas. Outros, enfim, houvérom de agachar-se, fugir aos montes ou partir para o exílio, únicas alternativas possíveis na altura para eludirem umha morte certa.

Entre as vítimas de tamanho desmando, infâmia ou tropelia contam-se persoas da mais variada condição, a abranger a totalidade do espectro social galego. As mais afectadas

cos e autoridades nas suas diversas escalas. Como classe social considerada no seu conjunto, a única que safou foi a burguesia, alinhada de cheio desde o princípio com os insurrectos. Assim e tudo houve individualidades de extracção burguesa a verem-se afectadas pola repressom, devido às suas convicções e prática republicanas. O corunhês Santiago Casares Quiroga é, se quadra, um dos casos mais arquetípicos.

Nem sequer os militares rispárom. Os rebeldes franquistas executárom sem lhes tremer o pulso todos aqueles profissionais da milícia que nom se sumárom entusiasticamente ao Glorioso Alzamiento. Consoante a isto, na nossa terra fôrom *passados polas armas* diversos xefes e oficiais, tanto do Exército como da Armada, bem como dezenas de soldados, cabos, suboficiais e marinheiros destinados nos aquartelamentos e unidades navais com sede na Galiza. Isso sem contar as sanções e represálias de menor gravidade, como condenas a prisom, depurações e expulsions da instuição castrense.

Os rebeldes franquistas executárom sem lhes tremer o pulso todos aqueles profissionais da milícia que nom se sumárom entusiasticamente ao Glorioso Alzamiento

Umha brutalidade e carragem vingativa singulares se abatérom sobre a mulher galega, para quem os franquistas nunca concebérom outro destino que a insubmissom e o encerramento intra-muros do fogar. Nom é só que mais de umha dezena de persoas de sexo feminino resultassem assassina-das legal ou paralegalmente, nem o facto de, por centenas, terem sido alvo de violações, cortes de cabelo, humilhações, torturas e encarceramento, quer por méritos próprios (como activistas político-sindicales ou do tecido cívico-associativo em geral), quer por simples vingança dos verdugos sobre os seus pais, irmáns, noivos ou amigos fugidos ou resistentes. A questom é que sobre a mulher recaiu, para além do mais, a responsabilidade de brindar auxílio solidário e agarimo aos seus homes perseguidos ou presos, de chorar aos mortos, de sacar adiante os filhos e garantir a sobrevivência familiar num tempo de negrume indescritível, assinaladas com o dedo como roxas, assediadas, vigiadas, sem um codelo de pam que se levar à boca. A crueldade e o selvagismo da repressom fascista havia deixar fonda pegada nelas; bem mais que nos varons.

Na cidade da Corunha a repressom franquista acarretou, nom sem círcia resistênci, o desmantelamento de todo o ricaz tecido associativo preexistente e a completa desarticulação da sua sociedade civil. Nessa estratégia de demolição implacável tivérom importância fulcral os acontecimentos produzidos de a cavalo entre a primavera e o verám de 1937, relacionados com o recrudescimento da repressom e umha maior efectividade da mesma.: por umha parte, o desbaratamento da fuga do Portinho, em Março, e pola outra, a destruição de ao menos duas redes de resistênci clandestina animadas pola CNT e mais a FAI, em Julho, nos bairros operários das Atochas e Monte Alto. Ambos episódios conduzírom ao desmantelamento final do entramado de oposição popular até daquela muito activa na urbe.



Fusilamentos no Campo da Rata.

José Sáez

fôrom, sem dúvida, as classes populares: labregos, operários, artesáns e marinheiros. E isto foi assim em razom tanto do seu maior grau de organização político-sindical -que os golpistas temiam- quanto da sua sobranceira participação na oposição ao golpe de estado e, mesmo, do aguçado ódio de classe que caracterizava ao bando sublevado. O caso é que fôrom estes segmentos de gentes do comum, a viverem das suas mans, que poriam o grosso dos mortos, presos, torturados e represaliados do regime fascista implantado em 1936.

Mas, como dizem, nom fôrom eles só as vítimas. A paulinha atingiu igualmente todo aquele ou aquela que se tivesse distinguido como sincero republicano, demócrata, liberal, feminista, livre-pensador, naturalista, maçom, laicista ou nacionalista galego. Com especial sanha fôrom perseguidos os representantes do magistério, a intelectualidade e o mundo da cultura. Também, naturalmente, os dirigentes e personalidades mais conotadas de todas as facções políticas e sindicais venceladas ao regime republicano (e mais concretamente à Frente Popular), a começar polos cargos públi-

Máis Alá da Aurora

O Resplendor Máis Alá da Aurora brillaba na Vanguarda da Vida dos Pequenos Portos O Facho do Porvir erguíase Máis Alá dos Montes Máis Alá das Extremidades Máis Extremas A Solidariedade Mariñeira tendía A Alianza entre Todos os Portos O Despertar Marítimo espallaba DESPERTADE!! na Nova Mariña A Nova Humanidade era Xerminial da Humanidade Libre nas Cidades do Traballo dos Brazos e dos Cerebros A Luz do Libre Pensamento Sen Fronteiras Florecía O Novo Sol Floreal da Nova Era A Natureza Consciente Corsaria Iconoclasta conspiraba Internacional Independente A Acción Cívica Laica NIN DEUS NIN DONO convocaba A Mestría A Nenez A Proxenitura Consciente no Congreso da Paz A Cultura Racionalista Núa Naturista Integral cantaba Cancións Anárquicas Universais O Máis Alá propagaba A Poesía da Novidade da Vida nas Voces MÁIS ALÁ! MÁIS ALÁ! SON A Beleza do Resplendor Sobre O Abismo cegaba Os Ollos Libres no Crepúsculo Máis Alá da Aurora A Produción Proletaria A Propaganda A Protesta propalaba procreaba REVOLUCIÓN!! O Nervio da Federación da Confederación das Xuventudes da Vanguarda das Mulleres Libres movíase conectaba Veláí Vai Veláí Vai avanzando A Libertaria Combate Revólvese Resiste no Exilio na República RESISTE! nas Casas Clandestinas Vitales nas Cidades Clandestinas nas Costas Clandestinas nos Bosques Clandestinos do Territorio Ocupado nas Fugas Furtivas aos Portos da Liberdade polo Mar Aberto polos Arrabaldes Libres da Esperanza O MONTE DE VISMA O PORTO DE VISMA O PORTO CHILIRE CHINTA CARMEN CORUÑA COMPAÑEIROS O PORTO A Beleza do Resplendor Máis Alá da Aurora brilla na Vanguarda da Vida dos Pequenos Portos

Carmen Blanco

Carlos F. Velasco Souto



Anos de loita

Berramos: un home morto, un home morto!!! ...; e sentimos, "morreu por esquirol !!!"

M^a del Carmen Seijas Díaz naceu hai 82 anos na Silva. Viviu a liberdade na República, a represión na ditadura e a democracia nos tempos de hoxe.



Maruja Seijas.

A folga da construción, 1933

"Eu viña da Ramalleira; eramos nenas; atopamos un home agonizando; sentíramos os tiros; tres; berramos: un home morto, un home morto!!! ...; e sentimos, "morreu por esquirol !!!". O home debía ser do rucero. Houbo unha folga horrible; pasouse moita fame, moita necesidade. Tiraban os xarros de leite, do que traguían as leiteiras cara á Coruña, e voaban dende o Ventorrillo ata a Silva de Abaixo. Non houbo barricadas, si os folguistas estaban alí; os camioneiros, os albanceis...; durante nove meses... !!! Na miña familia se pasou mal: miña nai era cigarreira, e meu pai traballaba nunha fábrica de augardentes e lexivias; andaba cun carro, repartindo polas tendas. Tamén vendía botelliñas de anís, de coñac, cacahuetes, caramelos, chufas... dun almacén da R/ do Orzán. Miña nai nos facía sopas co pan do día anterior e "augavicheite", cunha areña de sal, ou cascarilla "bautizada", cun pouquiño de leite.

Sublevación fascista, xullo 1936

"Ainda me acordo: era un día de sol. Estaba limpando cariocas fronte a miña casa, na Pichiqueira. Serían as 12 ou as 12.30 h; sentímos as sireas dos barcos. Horrible !!! Viamos vir a xente de Sta. Lucía, de S. Andrés, cos fardiños de roupa, fuxindo dos tiros; familias completas, con nenos.

Os amigos de meus irmáns, que paraban na nosa casa, ós levaron ao cárcere... Eran de 18 aniños. O que máis tiña era Arturo Meirás, de 22 ou 23. Matáronno; e a Fernando (Pombo Segade), e ao de Juanita da *Peineta* (Hólano Mosquera Rodríguez), e ao José Boedo, que non sei onde apareceu.

A Pepiño (José Castro Añón), nin ao do *Reseco* (Luis Lafuente Naveira), a esos non ós levaron daquela.

Todos coñecían aos colaboradores; ao *Mataburras* e ao do *Jorrovirao*, marido da "Chanteira"; ela era boa xente, pero el non... A estes había que terlles pánico. Te levaban ao cárcere, ... Horrible !!! Non podías falar, non podías confiar en ningún.

Meus irmáns, Argimiro e Fernando, chamáronnos, pedíronlles os papeis e foron a alistarse; mais fuxiron nos primeiros días da sublevación, e Fernando, como non quería ir á guerra, recuou, e desapareceu. Na nosa casa non sabíamos onde estaba.

Loitando pola Liberdade:

Argimiro, por tres ou catro veces, a garda civil veu por el. (Sempre o cabo

Sanjurjo ó protexía). Deu a vida que non ó viñan buscar os falanxistas, senon xa ó paseaban...!!! Fuxiu polo muelle. E non soubemos máis del en moito tempo. Estivo cos "roxos", como se decía daquela, alá no fronte de Asturias; logo en Bilbao, onde ó colleiron cando caeu (finais de xuño de 1937). "Era un alto cargo dos militares". Cando veu do cárcere contaba que dormían, chovera ou non, á intemperie; enriba do trigo recién cortado, como castigo, como puntas. Pasábase moita fame, e morría así moita xente. El salvouse porque aprendiu de panadeiro alá. Mataban xente "a barrer", uns cincuenta cada día; nun bando, indultaron a dez, e tocoulle a el, alá en Burgos. Trouxéronno logo ao cárcere da Coruña. Xulgarono, e caulle, de novo, pena de morte. Estivo *en capilla* moitos meses. Lle levábase a comida, e viamos saír os "casqueiros", catro tablas arriba a abaixo, e víase dentro ao mortuño. Se non che retiraban o cesto, era que xa ó levaran ao Campo da Rata, ou que morrera no cárcere. Nos collían o cesto; outro día máis !!!...

A meu tío Alejandro Basilio Palacios (marido de María Seijas, irmá do pai), ó levaron ao Campo da Rata (a darlle o paseo, a noite do 18 de xullo de 1937)... A Argimiro ó indultaron, e estivo preso tres anos máis na Coruña. Logo saíu "ceibe", desterrado á León, sen papeis, a morrer de fame !!!...Votou alá seis meses; e ningún lle daba traballo. Fuxiu cara Coruña, e noso irmán Fernando se expuxo, e deulle traballo.

Fuga do Mte. S. Pedro

"Cando houbo esa fuga, polo Portiño, ían un lote de barcos, pero por un "chivatazo", ós cacharon. Chegou (a noite do 3 de marzo do 37) a eso das dúas, tres ou catro da mañá; eu dormía con


noite pasáronna sacando as espiñas dos pes. Despois fíquei dormida, e xa non vin a meu irmán ata moito despois. Se coñece que a eso das seis ou sete, xa ó "largaron", á casa do tío de miña cuñada, da R/ Pastoriza. El arranxaba aparatos, forniños, planchas, e entraba a cotío xente na casa; Fernando tiña que estar sempre agachado, "na carboneira, baixo o vertedeiro". Saía para comer. Horrible !!!... Votou trece ou catorce meses. Encarnación, a sogra, falou con miña nai; Elvira, pasa esto... E trouxéronno para nosa casa, á Silva. Alí agachouse, e na casa da Xorda, tamén un tempo. Ao remate da guerra, entregouse, según un bando do ano 40. "Foi o primeiro, e non lle pasou nada". Fíxo logo o servizo militar en Lugo.

... Daquela fuga, mataron a un lote de xente. Da Silva morreron tres, creo. A Luis do *Reseco*, e a Francisco Díaz Moreno, a estos ós mataron. Pepiño (José Castro Añón) o da Xorda me parece que non saíu do cárcere.

(Tamén tentaran fuxir daquela o veciño da Fontenova Enrique Roca Gantes, o da Silva Alfonso Argentino, o *Pivecho*, Andrés Seijas, da Moura, seu tío Alejandro Basilio Palacios,...)


Célula anarquista tenta tirar abaixo a Ditadura

E de novo están alí Argimiro, Fernando, e desta vez, Marcelino Seijas Díaz, e moitos outros homes da Silva e de toda Coruña, Vigo, Vilagarcía..., no ano 1946. Prisión de novo para os irmáns Seijas, esta vez en Vigo, con Arturo Valeiro, José Matos, Talache (Manuel Díaz Moreno), Amador Bermúdez, ... Desta, Argimiro volta alá por mediados dos cincuenta. Por dúas veces máis, alomenos, entrou na cárcere da Coruña, cando o Ditador viña ao Pazo de Meirás, de vacacións.



Jesús Recuna

miña cuñada esa noite. Chamaron a porta. "Abre Choncha, son Fernando"; Viña *pinjando*. "Ai Dios mío !!!", lamentándose. "Cala, que houbo un chivatazo !!!". Nos colleron a todos. Luces infrarrojas, iluminaron o Portiño... Voteime ao mar; buceando, quitei as botas; e me deu a vida, que me levaban ao fondo, afojaba!!!...Veño cheo de espiñas". (Eu facía que durmía, cara a parede). Viña cuns calcetíns de lá, porque veu monte á través; por Bens, vendría; sabía os sitios. Toda a

Alá polos anos sesenta, a Eugenio, o pai, todos os curas de Coruña, se ó rifaban para ó confesar. Non ó logaron; e morreu, acompañado ata a Torre das Vellas (Cemiterio de S. Cristóval), non polo cura da parroquia, senon polo mestre. Ese día enterrábase na Parroquia unha "vinculeira", que precisaba de todos os curas para á acompañar...

M^a Beatriz Gómez Amigo

Coruña, compañeiros

Coruña, berraba a anguria entre as rochas Compañeiros, andar ó asexo é o que cómpre. Coruña, última oportunidade para a loita Compañeiros, non durmir nunca, por se non hai día Coruña, tras do mar viñeron mais penas Compañeiros, por ser como somos viviremos.


Subimos o monte coa esperanza dunha nova vida, dun mundo enteiro. E voamos polo Agra arriba, fuxindo cara a morte, pero ó chegarmos á Moura, unha gaiola pasou a carón nosa, decíndonos: non vaiades, que a morte disfrazada de verde e azul agarda por vós. Non lle fixemos caso, e corrimos cara a liberdade, para ter mais ocasións de facer a revolta, de xuntámonos na causa común das tres cores, e, baixo ela, traballar, polo futuro da cultura propia, sen sombras.

80 cabezas e 5 pistolas preparou o despertar marítimo para a fuxida. Coa mala sorte de Antonio Boedo, da construción, fillo de José Antonio, e o Manco da Acea da Má, e o Iquiño, o panadeiro, coa desgraza do Longueira, o metalúrxico. 80 cabezas, 5 pistolas e 2 bombas ían montar unha nova vida para o diputado socialista Rufilanchas, e para o Fernando López Mantiñán, do Portazgo e da CNT, e para Alejandro Dopico Saleta, tamén da CNT, e para Antonio Vidal González, da FAI, xunto con Manuel Tellado, de Pedralonga. Man con man, con tantos outros que aquí non falan. Todo con 80 cabezas, 5 pistolas e tamén 2 bombas.

Logo apareceron dous corpos, un deles totalmente desfigurado, na praia de Riazor. Outro, cunha tatuaxe no brazo dereito, e coas letras E.R. bordadas no calzón. Este último viña sendo Emilio Rodríguez Doldán, o *Xanetas*, empregado no hospital municipal.

25 penas de morte e 2 de cadea perpetua. Para sempre estaredes na nosa memoria; hoxe, no Portiño xa non quedan árbores, pero as vosas raíces prenderon no corazón da Coruña. Aí van, cara á liberdade: A Coruña, Os Compañeiros, e O Portiño.


Rubén Afonso Lobato



Taberna Os Beles

Monellos - A Coruña

librería



pedreira

Rúa do Home Santo, 55 Tel: 981 58 54 03 Fax: 981 58 08 8 Santiago de Compostela

José Antonio, imán de Pucho Boedo

Tentou procurar a liberdade na auga do Portiño e cando chegaron os disparos, foi quen de fuxir nadando

Hai unha fotografía. O 20 de Xullo do 36, un grupo de obreiros maniféstanse polos Cantóns contra o golpe militar. En primeira fila, puño en alto vai -díxomo Ántón Patiño- un dirixente do sindicato de albaneis, José Antonio Boedo Núñez.

Dúas décadas despois, o seu irmán máis novo, Pucho, baixou dende a

José Antonio botara un tempo escondido no faiado dos Patiño, na Fontenova. Despois, agachárase na Moura, na taberna de Rita Canosa. No Portiño, cando chegaron os disparos, foi quen de fuxir nadando. Gabeou polas rochas arriba, subiu os montes de Bens, e apareceu desfeito na casa do seu avó, o señor José, xastre e responsable dos mellores repolos da volta. Alí


rei da bohemia, quizá a dor polo que non podía contar facía del un artista único.

Cantou boleros, rancheiras. Dáballe ao tango, aos merengues, á canción italiana. Mais para el- sempre o confesou- non che había peza como O vello e o sapo. O poema de Curros Enríquez que lle musicou á medida o seu amigo Prudencio Romo.

Aquí agroma de vez ese desacougo que -entre tanto sorriso- lle esganaba a alma: Un vello, a quen a xustiza lle roubou todo, camiña cara ningures. No medio da noite clama contra o ceo. Mais só lle responde un sapo "cro,cró".

Para completar o círculo simbólico, esta a foi a derradeira peza que cantou na súa derradeira actuación, na fin de ano do 85, na Televisión de Galicia.

Faltábanlle as forzas, mais conservaba toda a súa presenza no escenario. Foise crescendo, e a interpretación acadou o cume cando, seguindo a letra do poema "ollou cara os ceos, co puño pechado", Pucho, con dignidade e xenreira, ergueu el tamén o puño, e reproduciu por un instante -así o sinto eu- a imaxe do seu irmán, José Antonio, líder anarquista, a se manifestar polos Cantóns da Coruña.

Non pode haber despedida máis fermosa para un artista. Faltaban poucos días para a súa morte, Pucho seguía ser o neno dos Boedos, aqueles obreiros sindicalistas da Ramalleira que un día soñaron con cambiar o mundo 

Xurxo Souto



Manifestación contra o golpe militar, celebrada na Coruña en 1936.

Ramalleira, no Ventorrillo, ao centro da cidade. Gañou un concurso en Radio Juventud e foi fichado pola orquestra Os Trovadores.

Na Coruña dos cincuenta, este novo vocalista non precisaba carné de identidade, a xente toda o coñecía. Mais el case non coñecera ao seu pai, José Boedo, do sindicato de canteiros, asasinado no 36. Nin tampouco ao seu irmán, José Antonio, un dos que tentou procurar a liberdade na auga do Portiño.

botou un tempo ata que foi descuberto e fusilado.

Pucho Boedo é o noso crooner verdadeiro. Non importa o contexto, todos os coruñeses da súa xeración aseguran ter sido os seus amigos persoais. Heroe sonoro e tamén -grande paradoxo- representante máximo de toda unha xeración condenada ao silencio: os que tiveron que soportar a dobre inxustiza do asasinato dos seus e a do terrible silencio sobre eses crimes. Pucho era o

ENCRUCILLADO

	A	B	C	D	E	F	G	H	I	L
1										
2										
3										
4										
5										
6										
7										
8										
9										
10										

Horizontais

- Xunto co a), sinal e contrasinal dos fuxidos do Portiño. Río galego
- Metal que se lavaba no anterior río. Con esa celebran as Fallas en Valencia
- Consoante. Nota. Ángulo recto
- Segundo apelido do asasinado gobernador militar republicano en A Coruña. Cómese nas feiras
- Do revés, barrio coruñés onde estaba o ateneo libertario *El Resplandor en el Abismo*. Para andar. Consoante moi coruñesa
- A mesma de antes. Cero. Romanos
- Ensino medio. Voz ceremoniosa moi repetida na India. Ouro latino. Encrucillada
- Vogais fracas. Fáltalle AIGU para un bar. En singular, grupo de rock irlandés
- Comandante asturiano que liberou París dos nazis. Entre outras cousas, así foi o franquismo
- Oficina principal. Signo para sumar. O documento de identidade dun ordenador

Verticais

- Ver 1)
- Ourense. Catro. Do revés, partido de tendencia troskista onde militou George Orwell
- Repetida dúas veces. Do revés, premer esa tecla xunto coa do 2 para escribir @. A segunda
- Igual que b), en sentido contrario. O que queremos recuperar.
- Consoante cañí. Curvas. Negra era a que cantou Rosalía.
- Tamén chamada galiña, pero do revés. Un.
- Ao acabar de comer. ... da Leña. Sinuosa.
- Guerrilleiro galego que adoitaba ver o Depor en Riazor.
- Romanos. Comeza a bilbainada. Consoante. Expresión humana dun anacronismo
- Nota. Por onde quixeron fuxir, no 1937, buscando a liberdade.

Encrucillado por Rubén Afonso Lobato

AGrupación CULTURAL

ALEXANDRE BOVEDA

Organización de actividades culturais

Aluguer de equipos

Rúa Olmos, 16-18, 1º
15003 A Coruña
Tel./Fax 981 200 869
acab.fiestras.com
e-mail: acab@mundo-r.com

O FACHO

AGRUPAÇÃO CULTURAL

A CORUNHA-GALIZA

Agrupación Cultural O Facho

CG PRODUCCIONES

CÉSAR GÓMEZ

C/ Archer Milton Huntington, 1. 15011 A Coruña
Tel. 981 279 028. Móvil 619 415 280
cgpro@i-222.com

SISARGAS

Rúa Curros Enríquez, 9
15002 A CORUÑA
TEL. & FAX 981.200082

NOVEMBRO

R/ ORILLAMAR 24, A CORUÑA

BAR DE COPAS

MÚSICA ELECTRÓNICA
E HIP HOP

NOVA COLÓN

LIBROS LIBROS DOS

OLMOS A CORUÑA

DUBLIN

50

irish pub

Rua Panadeiras nº 50 Baixo
A Coruña

Despois e durante o longuísimo sunami

Despois do estarrecedor maremoto, as axitadas rabiadas moléculas enchidas de irracional odio seguían soterrando as vencidas, mais aló das mouras profundas augas abisais.

Nada agromaba no fermoso val decote arrasado e queimado polo asasino salitre, que seguía impertérrito batendo nos acantilados. Esparexendo un pesado, denso estarrecedor manto de salitroso medo que semellante a maligno virus do tétano anquilosaba músculos e cerebro.

Durante a longuísima tormenta, negros e amedrentadores nimbo stratus cubrían o ceo sen unha miúda, pequena fiestra que permitira ollar o sol. Sempre noite, fría noite, noite e máis noite. Só por escasísimas breves xanelas asomaba a lúa, fuxindo amedrentada ante a visión de aquel inmenso campo de concentración e xenocidio. Coas estrelas da liberdade perdidas na eternidade sen alumear a un mundo cego, sangrante por todos os poros.

Durante tan incerta, angustiada, longa noite, as derrotadas, sometidas, moléculas en desigual heroica loita tentaban aflorar na busca da claridade das estrelas, caendo e sendo unha e mil veces soterradas polas inclementes despóticas, tolas, augas das cristas, empuxadas decote polas corrosivas malignas venenosas nubes. Todo baixo control. Nada fuxía da hidrofobia e a ollada dos doentes cans.

Traballando e traballando sen sol nin horizonte, finaban caídas de ancestrais andamios, sen ás para voar.

Outras, cos cadrís permanentemente doentes, labraban a dura terra sen descanso, con arados traídos polos romanos tirados por famentas vacas secas de leite, regándoas co seu propio suor e o dos animais.

Miles de non menos desgrazadas moléculas mais, esmorecían e finaban en barcos de pao arrincados das cubertas, ou afundidas sen quedar unha soa para contalo, tamén esnaquizadas contra mouros penedos. Soas, sempre soas sen sol, lúa nin estrelas, lonxe ¡sempre lonxe! dos seus coa única mortalla da sempre, pobre, noxenta roupa de augas. Proscritas máis se cabe dende os comezos do irracional temporal. Desterrada a frase “seguridade e hixiene no traballo”.

Moitas, moitas de máis. Aceptaban o escarnecedor novo orden, sobrevivindo das mingallas que os despóticos amos lles tiraban ó chan, polo gusto de ollar a pobreza, intelectual e física, dobrar os cadrís en sinal de humillante vasalaxe.

Outras, sen dubida as máis, pasaban cargadas de honrada dignidade contendo a respiración en cada esquina, coa inestable esperanza de que aquel tempo sen tempo, permitiría alborear un abrete de xustiza. Dependendo dos ecos dun mundo tinguído de sangue en inacabable guerra. Sen que despois do bárbaro xenocidio en todas as latitudes ollasen claridade algunha.

Así foi e ocorreu. Contado por un avó de hoxe, neno nacido no ollo do furacán, que pola lei da selectividade, en dura loita pola supervivencia foi alcanzando a sempre escasa clorofila para seguir. Mentres millóns de contemporáneos, sen parar de chorar, finaban esmorecidos suxeitos ós secos peitos das esfameadas nais.

Soterrados baixo tan dura, tétrica costra de corrosiva salitre, tamén quedaron pais e irmáns vencidos polo virus da tuberculose, fácil gañador en organismos carentes de todo.

Depauperados, sen alfabetizar, seguimos o duro camiño, loitando duramente contra as correntes, o vento da vida ou destino. Non o sei, non distingo.

Todo quedou estancado, esmorecido, morto, como rebozado nunha dura costra de angustia imposible de rachar. O imprescindible ensino, retrocedera séculos, a sanidade pública semellaba un soño de aquel efímero, truncado verán, as pedras dos fornos de cocer o pan permanecían moito mais frías que quentes, a luz eléctrica nin se coñecía en infinidade de cortixos da repartida finca particular, e onde *alumeaba* semellaba un vagalume proxector de fantasmas. As obras públicas permanecían amodorradas, sen atender sequera ás necesidades máis urxentes, como mostra o que sigue.

En abril de 1953, nunha recalada do Gran Sol, con sarabiada e escasa visibilidade, mesmo debaixo do edificio do hoxe faro coñecido como *Cabo de la Candelaria* -para os do mar Punta Candeeira- finaron once compañeiros esmorecidos e batidos polo bravo mar meteorolóxico e o peor, o xa crónico e histórico. Non facía moito que eu desembarcara do Río Lagares. Chorei, chorei moito polos compañeiros: Andrés, Baroña, Xavier. Pero sobre todo, por Francisco Recaman, o cocineiro que despois de salvar o pelexo por puntos, me quitara a roupa, á caloríña da caldeira de vapor, chorando como un meniño. Pouco despois, topeime coa súa viúva, que con tres filliños tras si, pedía esmola polo peirao da Palloza.

A casa do faro fora construída na República, sen que lle deran tempo a mesma a instalar a luz, permanecendo cego ata que finaron os once compañeiros. Por iso lle dicíamos o faro cego, cada vez que pasabamos por Punta Candeeira.

Aos compañeiros do Portiño, de tantos e tantos portiños que deixaron o mellor co que nacemos, o osíxeno da vida, porque sabían o mal que o pasaríamos todos se perdían.

Honrémoslos, lembrémoslos.

Apliquemos bálsamo á ferida, e falemos con moderadas e honradas verbas para facer posible seguir camiño xuntos



Serafín Mourelle

Ollade o ceo



Recreación do monumento de Pepe Galán en recordo das vítimas.

MORTOS DO PORTIÑO

Lembranza das persoas que deron a vida pola nosa liberdade o 3 de marzo de 1937. Simboliza o acontecido no intento de fuxida dun cento de persoas polo mar do Portiño, a causa da represión franquista.

MONUMENTO: corredor de aceiro, que vai de sueste a noroeste, con escadas de fuxida ou de reencontro, que soben ou baixan do monte, van ou veñen do mar.

TEXTO: pano de nomes con dezaseis fusilados, dous afogados e un morto na cadea; signos cuñados no chan de metal, recheos de chumbo, como o aplicado nos seus pasamentos.

LUZ AZUL DOS FAROIS: elemento secuencial semellante ao latexo do corazón, querendo representar con isto un xeito de presenza continua.

Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña

Concello da Coruña

Ministerio da Presidencia

A Coruña, 12 de abril de 2008

Os nomes das vítimas do Portiño

SALVADOR M. DOMINGO LLISO
ALEJANDRO DOPICO SALETA
JOSÉ GARCÍA VÁZQUEZ
RAMÓN DÍAZ VALEIRO
FRANCISCO DÍAZ MORENO
ANTONIO LORENZO GARCÍA
FEDERICO RIVADULLA GÓMEZ
LUIS LAFUENTE NAVEIRA
MANUEL BERGANTIÑOS POSE
RAMIRO FONTENLA ANDUJAR
JOSÉ RODRÍGUEZ SERANTES
MANUEL TELLADO VILLAR
ANTONIO VIDAL GONZÁLEZ
MANUEL BALDOMIR VÁZQUEZ
RAMÓN GONZÁLEZ CANOSA
JOSÉ A. BOEDO NÚÑEZ
EMILIO RODRÍGUEZ DOLDÁN
GENARO PAZOS,
MANUEL PARGA SUÁREZ

As persoas que cumpriron condena polos feitos do Portiño

Manuel Fernández Blanco
Fernando López Mantiñán
Ricardo Parrondo Ortega
Manuel Rodríguez Manresa
Ramón Varela Rodal
José María Fernández Granell
Primo Fajardo Lojo
José Castro Añón
Enrique Roca Gantes
Fernando Castelo Arias
Carlos Pérez Fontenla
Enrique González Mathe

Camiñantes!

Ollade o ceo!

Ulidade o mar!

Sentide o vento!

Non esquezades a quen morreu pola liberdade!

“Estabamos moito máis politizados, pensabamos que iamos a cambiar o mundo”

“Tivéronnos 40 anos sen poder facer historia e sen ela, estamos coxos”

"Verdadeiramente dramático. "Unha barbaridade". "Terrible". Isaac Díaz Pardo esfórzase en non perder o seu bo humor cando rememora a Guerra Civil e insire de vez en cando, tras acabar de lembrar un episodio que sempre apontoa con adxectivos, un esbozo de sorriso como nun intento de suavizar o relato. Pero resulta difícil, porque aquela época, e sobre todo "os primeiros tempos" tralo golpe de Estado de Franco de 1936 foron "duros, durísimos". "Foron os graves. Machucaron á xente", salienta o intelectual e artista a quen os represores lle arrebataron, sendo adolescente, o seu pai, Camilo Díaz Baliño, asasinado durante un mal chamado paseo. Detido en Santiago, o pintor, escenógrafo e membro activo das Irmandades da Fala apareceu morto "alá por Palas de Reis".

Díaz Pardo ten hoxe 87 anos e encomia de que por fin se traballe en recuperar a memoria, en escarbar para tentar de reconstruír feitos silenciados e case esquecidos como o da frustrada fuga do Portiño, que el viviu en segundo plano, como amigo de Mario Fernández Granell, un das decenas de mozos que foron matados ou detidos na madrugada do 3 marzo de 1937 por querer fuxir da represión a través da única fronteira democrática que quedaba, o mar. "Nos tiveron 40 anos sen poder facer historia. Non se trata de tomar revancha, senón de facer a historia, porque sen ela estamos coxos. Aínda sabemos moi pouco, porque segue habendo moita resistencia". Dío convencido, aínda que ás veces parece que lle custa falar daquela época. "Estamos falando de cousas que se nos vai o santo ao ceo porque pasaron tantos anos", se escusa.

O cofundador de Sargadelos, do Laboratorio de Formas, de Edicións do Castro, todos dedicados dalgunha maneira a rescatar a historia, asegura que salvou a vida, cando tras a morte do seu pai, foi levado en agosto de 1936 "disfrazado e tapado cunha gorra" ata A Coruña, para agocharse na casa do seu tío Indalecio, na céntrica praza de Pontevedra. Foi un médico amigo da familia e "de toda confianza" quen soubo, por o seu fillo falanxista, que os franquistas anda a buscar a Isaac e avisoulle para que escapase de Santiago. "O Castromil entre Santiago e A Coruña tivo que pararse unhas seis veces no camiño porque non podía pasar, había cadáveres na estrada, con xente ao lado chorando. Os corpos non estaban na cuneta, senón tirados na beira da estrada, para que se viran. Querían que se viran os mortos para

así sementar o terror, era verdadeiramente dramático". Isaac Díaz Pardo contaba tan só 16 anos e permaneceu encerrado na casa do seu tío durante seis meses. "Non podía facer nada porque senón me mataban". Non era só buscado polos represores por ser o fillo de Camilo Díaz, senón porque a pesares de ser tan novo tiña "xa unha historia". "Desfixeramos a farmacia do



Isaac Díaz Pardo Manolo Graña

xefe da Falanxe en Santiago. Estivera tamén na resistencia na Coruña. Era moi novo, pero os de 16 anos de entón non son como os de agora. Estabamos moito máis politizados, pensabamos que íamos a cambiar o mundo". Pero os franquistas acabaron con todo. "Chegamos Á Coruña para axudar, botar unha man porque nos chegaran noticias de que estaban a pelexar na rúa. Pero cando chegamos en Castromil, xa estaban na estación os militares, varrendo coas súas metralladoras. Unha barbaridade". A segunda incursión de Isaac na Coruña é xa para agocharse. Cando, alá por febreiro de 1937, o mozo puido saír do seu refuxio, houbo que facerse "discreto, pasar desapercibido". Comezou a traballar "con todas as precaucións" nun taller de pintura industrial, Casa Bianchi, na rúa Perillana. E con toda a discreción Díaz Pardo e maila súa irmá visitaban case a diario a un vello amigo, un discípulo do seu pai "que era coma da familia", Mario Fernández Granell, quen vivía clandestino no piso familiar da súa moza Oliva, no barrio das Atochas. "Mario, que era troskista como o seu irmá Eugenio, estivera na resistencia en Vilagarcía, loitando e incluso organizando un intento contra o Exército. Pero non se podía, non había nada que facer e tivo que agocharse. A irmá da súa moza Oliva, Rosita, tiña un noivo anarquista que mataron ao principio da guerra e de aí ven que se puxera e contacto con aquela casa das Atochas, que era a da nai de Oliva, a señora Juana". Rosa Ustarroz, e a súa filla mantiveron oculto ao novo e inqueda militante do Partido Obreiro de Unificación

Marxista (POUM). "Dáse a chocante casualidade de que as dúas mulleres se ganaban a vida cosendo cartucheiras para o Exército", lembra Isaac. E nunha desas visitas, Mario contou aos irmáns Díaz Pardo o seu plan para fuxir a bordo duns pesqueiros que ían recoller a un numeroso grupo de xente no peirao do Portiño, ao pé do monte San Pedro, para levalos á zona republicana. "Estivemos, eu e a miña irmá, con el ate o mesmo momento que saíu para O Portiño. Contounos con toda confianza o que ían facer pero conforme nolo contou a nós, posiblemente outros tamén o fixeron. O caso é que alguén deu o chivatazo á Garda Civil e pillounos alí, por sorpresa". Algúns dos mozos lograron fuxir, outros morreron afogados ou tiroteados e os que máis, entre eles Mario, foron detidos, torturados, xulgados e condenados a morte. Pero o xove artista, de entón 22 anos, tivo máis sorte que os 19 compañeiros que, tamén apresados no Portiño, foron fusilados sete meses despois no Campo da Rata. Mario Fernández Granell viu a súa condena a morte conmutada en 30 anos de prisión, dos que cumpría case sete no cárcere da Coruña. "Foise salvando por ser un artista, facía cousas en prisión", conta Díaz Pardo. Alí foi onde Mario escribiu os seus primeiros libros infantís, ilustraba outros e daba clases de debuxo e pintura. Baixo o pseudónimo de José María, Granell formaba parte xunto a outros artistas, empresarios e estudantes encarcerados nunha rede clandestina. Nunha exposición que acaba de finalizar na Fundación compostelán do seu irmán Eugenio Granell, puidéronse ver debuxos que Mario fixo durante a súa etapa no cárcere así como a pequena táboa de madeira que decorou e que servía aos presos para pasarse mensaxes secretas. Ao remate da guerra, había tal masificación nas prisións franquistas que os axuizados antes de 1939, como Mario, acabaron por ser liberados. "Si, Mario era unha personaxe que estaba alí no Portiño. Moi ben que se traballe en recuperar a memoria", comenta Isaac Díaz Pardo ao saudar a homenaxe se rendeu o ano pasado con motivo do 70 aniversario daquel plan de fuga que rematou en drama. Quedan aínda moitas lagoas que resolver para reconstruír o que realmente sucedeu, pero pouco a pouco, a golpe de recordar aquel episodio, un de tantos esquecidos, se vai facendo a luz



Paola Obelleiro



Rúa Orlillamar, 13. A Coruña GZ

Solución ao encrucillado

P	I	S	I	V	M	P	O	10
O	E	R	B	R	O	R	9	
R	O	C	B	M	U	I	8	
T	U	V	M	O	M	E	7	
I	M	C	M	O	R	A	6	
N	E	P	S	I	T	A	5	
O	B	O	P	V	A	P	4	
T	I	S	M	3				
V	A	C	A	R	O	R	2	
T	S	A	N	U	O	R	1	
L	H	G	F	D	C	B	A	